



Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais

Traballo de
Desenvolvemento
Rexional e
Desenvolvemento
Local

Proxecto
Aprendizaxe-Servizo:
Almáciga

Ares Montes, Xiao

Boo González, Manuel

Castellano Díaz, Julia

Chaves Otero, Rubén

2018/2019

Grao en Economía

Resumo

Neste traballo elaboramos un estudo sobre o barrio da Almaciga, no norte da cidade de Santiago de Compostela, a partir de información recollida de diversas fontes sobre distintos aspectos da zona como historia, territorio e poboación. A continuación, realizamos unha análise DAFO sobre a mesma e resaltamos os aspectos a mellorar propoñendo solucións co fin de acadar unha maior calidade de vida dos seus residentes e impulsar o desenvolvemento do barrio.

Co obxectivo de obter información sobre a zona fixemos entrevistas, a maiores da realizada á Asociación de veciños da Almaciga que leva o centro sociocultural, a persoas encargadas do centro xove, membros da directiva do colexio CEIP Apóstolo Santiago e da ANPA deste, así como a tres persoas de distintas idades e que por motivos distintos residen no barrio. Por último, contamos con entrevistas a todos os locais abertos na zona como son unha carnicería, dous bares (aínda que un non quixo participar en gran parte da entrevista) e a sede do PSdeG - PSOE. Todas estas entrevistas están recollidas no anexo.

Índice

1. Introducción	3
1.1. Territorio	3
1.2 Historia e institucións	11
1.3. Poboación	14
2. Análise DAFO	15
3. Accións para mellorar o espazo	22
4. Conclusións	25
5. Bibliografía	26
Anexo	28

1.Introducción

Realizamos este proxecto para a materia de Desenvolvemento Rexional e Desenvolvemento Local do grao de Economía da facultade de Ciencias Económicas e Empresariais da Universidade de Compostela. Eliximos o barrio da Almáciga porque, a pesar de que se atopa nunha zona privilexiada de Santiago de Compostela moi preto do centro, consideramos que ten dificultades pero un gran potencial por desenvolver cunha historia interesante detrás e con diversos grupos influíntes no barrio e nas zonas do redor.

1.1. Territorio

O barrio da Almáciga limita polo norte con San Caetano, polo leste con Fontiñas, ao Sur co parque de Bonaival do barrio de San Pedro, e ao oeste coas rúas de San Roque, Santa Clara e Basquiños. Correspóndese coa zona que rodea o parque, segundo nos informan dende o Centro Xove, pero non está clara tal delimitación.


Mapa de Almáciga



Fonte: Concello Santiago de Compostela

Está formada polas rúas de: Rúa de Betanzos, Rúa Costiña do Monte, Calle de Teo, Rúa de Touro, Rúa Proxecto Vagalume e Rúa do Pino entre outras.

Delimitación do barrio de Almaciga




Fonte: Realización propia a partir de Google Maps

O barrio xira en torno ao Parque do Monte da Almáciga. O parque xurdiu na década dos noventa, con motivo do incremento do número de vivendas no barrio e debido á necesidade de garantir un desenvolvemento urbano sostible, a través da creación de espazos verdes. Ate os noventa, a zona estaba constituída por terras de cultivo e pastoreo e era, polo tanto, lugar de traballo e tamén de ocio e lecer dos rapaces do barrio. A raíz do desenvolvemento do barrio, deseñouse esta nova zona verde na ladeira de poñente de Almáciga. O parque ten 37.339 metros cadrados e conta, actualmente, cunha obra artística de Silverio Rivas (“Proa a Enciño”), unhas pistas ou zonas deportivas, un miradoiro, diversos sendeiros e unha área de tranquilidade ao lado dun estanque.

Galería fotográfica







Fonte: Realización propia

Na Almaciga ten lugar o proxecto das hortas urbanas, que se leva a cabo en distintas zonas de Compostela. As hortas urbanas nacen en Europa no século XIX, froito da industrialización nos barrios obreiros, onde o goberno comezou a cederlles parcelas para sementar. As primeiras que xorden na cidade datan do 2008. Os traballos para adecuar as hortas urbanas na Almaciga empezan na primavera de 2015 e están anexas ao miradoiro do Monte da Almaciga. En 2016 creáronse cun total de 32 parcelas de entre 40 e 130 metros cada unha. Con este proxecto búscase crear vínculos interxeracionais, entre os maiores e os máis novos, uns ensinando e outros aprendendo. A adxudicación das hortas favorécese ás persoas xubiladas.

Fotografias das hortas





Fonte: Páxina “Compostela verde” do Concello de Santiago de Compostela

Estas imaxes distan moito da realidade, e hoxe en día, as hortas están nun estado deplorable. Así o reflexamos nas seguintes fotos.

Fotografías das hortas II.





Fonte: Realización propia

Esta desatención das hortas, comúns a todas as que atopamos en Compostela, débese por un lado ao vandalismo (como o acto do botellón) e por outro a que os donos das parcelas ven como o seu traballo non ten froitos. Unha vez traballada a terra e cando por fin da os seus froitos, a xente (ben do barrio ou ben de paso) crese no dereito de recollelos, deixando ao labrego sen nada, polo que estes toman a decisión de abandonar a actividade (*Entrevista 4*). Algúns veciños, como o da entrevista 2, non son partidarios delas. Considera que, se ben a cesión do terreo é xusta, deberían existir un pagamento mínimo polos suministros, e a situación das hortas é cuestionable. O dono do bar, da entrevista un, posúe unha parcela e nos fala do estado de abandono das hortas, se ben non é a mellor época do ano, non é a principal causa disto. Por outra banda, confirma que hai roubos e destrozos nelas e réstalle importancia ao botellón.

En resumo, todos coinciden en que as hortas están nun estado de coidado lamentable, aínda que difiren nos motivos.

1.2 Historia e institucións

Este barrio, Monte da Almaciga, ten unha moi rica e variada historia. Tradicionalmente, e aínda hoxe en día, é principalmente un barrio obreiro, xente traballadora que vive humildemente. Podemos destacar os seguintes acontecementos:

- Recibe o seu nome dun topónimo do árabe que significa depósito de auga (Do ár. hisp. almásqa, e do ár clás. masqāh). Todo o parque da Almaciga é un xacemento de auga e abastecía a toda Compostela. Na casa da auga vivían antigamente os que coidaban o depósito. A día de hoxe, é unha reserva de auga que segue abastecendo boa parte de Compostela.
- O barrio foi nun principio un lugar cunha paisaxe moi rudimentaria, un monte salvaxe e rochoso onde os locais foron plantando carballos e construíndo cabanas para adaptar a zona as súas necesidades, creando así unha comunidade. Moito tempo despois, sobre os anos sesenta empezou o acondicionamento da zona e, sobre os oitenta, construíronse casas sociais ou pisos de protección oficial como noutros barrios composteláns como Vite ou San Caetano, onde diferentes razas, procedencias e culturas uníanse cun denominador común: unha situación económica moi modesta. A zona manchouse de mala fama polos conflitos que ocasionaban unha comuna xitana e empeorou co seu realoxo sen acompañamento de programas de inserción.
- A Batalla da Almaciga: As Guerras Irmandiñas foron unha serie de revoltas que tiveron lugar durante o século XV no reino de Galiza contra a opresión señorial. A resistencia dos habitantes das cidades, dos labregos e de parte do baixo clero de Galiza fronte aos abusos señoriais e o poder eclesiástico deron lugar ao Levantamento Irmandiño en 1465. Dous anos despois, co apoio e colaboración de tres poderosos señores feudais (Diego de Lemos, Alfonso de Lanzós e Pedro Osorio), este movemento revolucionario comezou o Gran Levantamento, atacando e derrubando numerosas fortalezas dos donos das terras. Durante un breve período de calma, os irmandiños instauraron, por primeira vez en Europa, un sistema de goberno de carácter civil exercido polo pobo.

Porén, durante este tempo, os señores galegos, dende o exilio en terras castelás e portuguesas, comezaron a aliarse e reunir homes e medios necesarios para recuperar as terras e vencer aos irmandiños. Así, durante 1469, os exércitos do arcebispo Fonseca, Pedro Madruga e Juan Pimentel, avanzaron polo territorio galego, procedentes de diferentes puntos, ate reunirse en Santiago de Compostela, capital da Irmandade e defendida por Pedro Osorio. No Monte da Almaciga tivo lugar unha sanguenta batalla, na que moitos irmandiños foron asasinados, feridos e apreixados. Malia a retirada e Pedro Osorio, a cidade resistiu durante algúns meses, pero finalmente tivo que pactar a súa entrega e xurarlle fidelidade ao arcebispo. Esta derrota dos Irmandiños constituíu o comezo da fin do movemento, xa que a partir de aquí, caeu en toda Galiza contra os señores feudais.

- Polvorín: Foi un almacén que se adicaba á fabricación de pólvora que voou polos aires no 1836.
- Toda a zona foi unha nevera que conservou un pozo de neve no século XVIII e un lazareto no XIX.
- Primeira emisora de radio de Galiza: a primeira torre de emisión de ondas da radio galega estivo no monte da Almaciga (*Entrevista 4*), onde hoxe se sitúa a obra artística de “Proa a Enciño”, de Silverio Rivas.

Dentro dos negocios que pode haber na área existen solo dous bares (Cervecería Abarraca e Bar Severino) e unha carnicería (Carnicería de Touro). As institucións da zona da Almaciga é a sede do PSOE e o colexio CEIP Santiago Apóstolo, así como o centro cívico e o centro xove construído recentemente. O centro cívico conta con biblioteca e sala de lectura, así como aula de informática. Realízase ximnasia nel e conta cunha extensión de cen metros cadrados nun só andar e está situado na Rúa de Betanzos, número 55. Por outro lado, o CEIP Apóstolo Santiago é un colexio público de educación infantil (segundo ciclo) e primaria. Está situado na Almaciga, a carón do centro xove, na rúa Proxecto Vagalume. É o primeiro colexio público que abriu en Compostela e data do 1955, chegou a ter máis de mil alumnos, logo coa apertura doutros centros como o de Vite, Monte dos Postes ou Fontiñas e unido á estigmatización que sufriu, chegou a contar con só sesenta alumnos. Grazas á implicación da ANPA e do propio colexio, este ano xa contan con 175 nenos matriculados. Recuperouse co crecemento do colexio a zona dereita do mesmo,

onde estivo situado o MUPEGA e de forma máis recente a Escola Municipal de Música. Este colexio conta con servizo de madrugadores (abre as portas as 7:30 incluíndo almorzo), comedor escolar, actividades extraescolares (non gratuítos pero que conta con bolsas para rendas baixas) e transporte gratuíto. Ademais, dispón dun pavillón polideportivo e horta escolar. O centro está integrado no proxecto ABALAR e colabora coa USC no proxecto ELISA. (*Entrevista 3*).

Está é a ruta do transporte escolar que comeza ás 8:20 da mañá e que dá conta do rango de influencia que ten o colexio chegando dende o polígono do Tambre e Meixonfrío ata a rotonda de Sar.

Ruta transporte escolar.

O percorrido é como segue:

1º parada --> Cruce Concheiros /avda de Lugo

2ª parada --> Cruce Quiroga Palacios /Avda de Lugo

3ª parada --> Rotonda de Sar

4ª parada --> Cancelas (1ª marquesiña)

5ª parada --> Garda civil

6ª parada --> Depósito de auga

7ª parada --> Rúa Mallou

8ª parada --> Cruceiro da Coruña (Parada da gasolinera- Gadis) / Rúa Tabaniscas (dependendo do sentido)

9ª e 10ª paradas --> Rúa do tambre

11ª parada --> Vía Marconi

12ª parada --> Meixonfrío (marquesiña Bar Pepe Rei)

13ª parada --> Salgueiriños (frente a Bar Carroadio)

14ª parada --> Rúa García Lorca

15ª parada --> Avda Castelao


Fonte: Web Colexio Apóstolo Santiago

1.3. Poboación

A zona da Almaciga rematou a súa ocupación a finais dos 70 como sucedeu con outras partes de Compostela como Belvís, Trisca ou Basquiños, logo de comezala na década anterior. Este barrio pertence a barrios residenciais populares do concello que serían os inmediatos ao casco histórico e ao Ensanche, en zonas máis alonxadas no tempo, cunha ocupación dende os sesenta e que medraron por situarse próximas a entradas na cidade. Adoitan ser habitados por poboación de renda media ou media-baixa. É unha área cunha densidade de poboación feble comparado con outras zonas como o Ensanche, nunha situación periférica e coa existencia de contornos rurais no medio doutros puramente urbanos.

Segundo esta pirámide, a Almaciga conta cunha poboación de 1.053 homes e 1.264 mulleres, un total de 2.317 habitantes. Pese a que hai bastante xente nova, o rango de idade que máis poboación ten é a que se atopa entre 35-39 anos tanto para homes como para mulleres. Aínda así, vemos como máis dunha quinta parte da poboación (491 persoas, algo máis do 21'19% da poboación) superan os 65 anos, sendo a poboación de ate 24 anos inferior en número (440 persoas).

Pirámide de poboación.



Fonte: Anexo I: As instalacións da RSC do Concello Santiago de Compostela recuperado do Campus Virtual.

2. Análise DAFO

Neste apartado realizaremos unha análise DAFO do barrio a través dunha análise interna (fortalezas e debilidades) e outra externa (oportunidades e ameazas). A continuación, podemos ver un cadro que recolle de xeito resumido esta análise.

MATRIZ DAFO		
ANÁLISE INTERNA	<p>FORTALEZAS:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Centro cívico. - Centro xove. - Colexio. - Parque da Almaciga e proximidade a máis zonas verde como o parque de Bonaval. - Escaso tráfico. - Proximidade ao núcleo urbano de Santiago. - Diversidade cultural. - Zona próxima á zona monumental de San Pedro 	<p>DEBILIDADES:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Mobilidade. - Posición xeográfica do barrio. - Envellecemento da poboación. - Poucos negocios. - Mal ambiente veciñal. - Dependencia doutros barrios. - Mal estado das estradas e algunhas casas antigas. - Iluminación. - Aparcadoiro moi reducido. - Escasa implicación. - Reciclaxe. - Débil conexión intermunicipal - Concentración de poboación inmigrante que xera problemas.

ANÁLISE EXTERNA	OPORTUNIDADES: <ul style="list-style-type: none"> - Estudantes. - Zonas verdes. - Proximidade ao núcleo urbano. - Proximidade das zonas verdes á zona monumental. - Esperanza de identidade co barrio. 	AMEAZAS: <ul style="list-style-type: none"> - Vandalismo. - Actividades fóra da legalidade. - Proximidade a grandes superficies. - Vivendas antigas. - Debilitamento de hostalería. - Crecemento doutras zonas que dificultan a atracción de poboación.
------------------------	--	--

Por un lado, no barrio existen moitas *debilidades*. A principal, e da que máis se queixan os veciños (*Entrevista 1,2,3 e 4*) é a **mobilidade**, que xunto coa **posición xeográfica** da zona e a **poboación envellecida**, forman unha terrible combinación. O barrio da Almaciga está a 327,3 metros de altitude, as edificacións e zonas viarias están marcadas pola pendente sobre todo nas ladeiras sur e oeste. Falando do tráfico, o colexio fala dunha saturación en fronte del e coincide coa ANPA na necesidade dunha reorganización das rúas que colindan co centro, xa que ao ser de dobre sentido colápsanse ás horas puntas. O autobús non chega ata o barrio, polo que a única posibilidade de chegar ata el por este medio sería parando nas zonas do redor, como Basquiños, San Roque, San Pedro ou a Estación de buses, e a partir de alí subir andando as costas. Observamos como á poboación nova ou adulta non se ve tan afectada, pero sí é consciente da problemática para os veciños máis maiores. O centro socio cultural ten un proxecto de autobús que aínda non foi implantado, pese as constantes queixas dos veciños. Respecto á poboación, todos os entrevistados están de acordo en que a maioría dos locais son xente maior, pero segundo o colexio, cada vez hai máis familias novas con nenos.


Xunto con isto, engadimos a dificultade de que o acceso ao barrio a pé é unicamente a través de empinadas e, cando chove esvaradizas, costas, e a única solución aplicada, de momento, foi unha varanda nunha destas pendentes. Aínda así, a xente anciá non é capaz

de moverse con facilidade e vólvese extremadamente dependente, ben dos familiares ou ben dos veciños máis xoves (a propia encargada da asociación comentounos como diariamente ela lle ten que facer os recados aos veciños máis anciáns xa que estes son incapaces de subir ou baixar as costas). Isto non sería un problema tan grave senón fose que o barrio ten unha **actividade económica** tan escasa que o único comercio é unha carnicería e a xente vese obrigada a baixar do barrio para realizar a compra do resto de alimentos e volvéndose case totalmente **dependente** deles. De feito, o único ultramarinos que existía, pechou (*Entrevista 2 da muller adulta e entrevista 4*). Esta situación provoca que, ao final, o coche sexa o medio de transporte máis utilizado, o que nos leva ao gran problema de **aparcadoiro**, tanto enfronte do colexio (*Entrevista 3*) como nas estreitas rúas (*Entrevista 1*). Como menciona un dos entrevistados, dono dun bar, a cantidade de coches e que os lugares para aparcar sexan escasos e exclusivos dos residentes xera, non só un problema para os traballadores que non son do barrio, senón un problema para calquera persoa que quixera achegarse a el, limitando así a posible demanda, e provocando a morte económica da zona. Isto vese exacerbado polo **mal estado das estradas** e a súa estreiteza en certas zonas, moi desigual entre ancho da vía e da beirarrúa, que dificulta o tráfico rodado. Ademais os veciños quíxanse porque recriminan que moitos empregados da Xunta aparcan na zona residencial e os vixiantes pásano por alto. Algunhas beirarrúas, ademais de estreitas (*Entrevista 3*) están afundidas, como na Rúa de Betanzos (*Entrevista 2*), neste caso debido á instalación do gas natural, e as rúas teñen en moitos casos perigosas fochancas.

Outra debilidade a mencionar é o **mal ambiente** do barrio, que como concluíron algúns os entrevistados, débese a unha comunidade xitana que crea conflitos co resto de veciños e vandalismo e, xunto con outros residentes do barrio, adócanse presuntamente a actividades de tráfico de estupefacientes (*Entrevista 1 e 4*). En cambio, tanto a ANPA como o colexio non cren que existan conflitos salientables, e mesmo o colexio asegura que os nenos de dita etnia que estudan no centro están totalmente integrados. Os distintos veciños entrevistados non son conscientes de tales conflitos. O dono do bar fala dunha reforma da **iluminación** que, ao final, acabou por empeorar a situación e que favorece a ese ambiente perigoso.

O tema do reciclaxe é outro problema importante, xa que no barrio escasean os contedores deste tipo, abundando só o de materia orgánica, o que fai que moitos veciños non reciclen, como coinciden todos os veciños nas entrevistas.

Mapa do reparto de contedores en Santiago de Compostela.



Fonte: Páxina web do Concello de Santiago de Compostela.


Neste mapa podemos observar como na zona da Almáciga escasean os contedores de reciclaxe. Se a comparamos con outras zonas coma o Ensanche, toman aínda máis peso os nosos argumentos.

Finalmente, todos estes problemas provocan un desencanto co barrio, pouco interese polas actividades do mesmo e **escasa implicación** tanto en actividades culturais ou de ocio organizadas polo centro cívico como á hora de organizarse para expoñer o seu descontento, como afirma a carniceira. De feito, na entrevista 2, a muller máis nova afirma que unicamente se mudou alí por temas laborais. Cabe mencionar que o barrio da Almáciga atópase moi preto do edificio da Xunta e, polo tanto, a pesar de non pertencer ao barrio, moitos funcionarios residen na Almáciga. O principal problema disto é que só residen nos días laborais: para eles o barrio é unha vivenda circunstancial, polo que non adoptan o espírito de comunidade ou identidade e desenténdense da situación da zona (*Entrevista 4*).

Respecto á **mal estado das vivendas**, a presidenta da asociación de veciños afirma que algunhas teñen bastantes anos e as que non, adoitan ser de protección oficial. Vemos de feito nun traballo realizado anteriormente da zona da Almáciga a seguinte enquisa que dá conta das deficiencias e debilidades do barrio realizada xa fai uns anos.

Carencias nas vivendas.

Figura 5.-Carencias en las vivendas del barrio de A Almáciga, Santiago de Compostela



Fonte: Aldrey Vazquez, J. (2010). *Áreas de rehabilitación integral: La memoria-programa como instrumento para su declaración.*

Cando falamos de *fortalezas*, o primeiro que salta á vista é a **proximidade ao núcleo da cidade**. Parecen dous mundos totalmente distintos a unha distancia de cinco minutos, polo que solventando os problemas existentes, ten moito potencial para atraer tanto a xente do propio centro a disfrutar da zona como a turistas. O atractivo do barrio xira en torno ao **parque da Almáciga**, un monte con moitas posibilidades para atraer ao público, que ademais conta cun miradoiro e cun estanque e diversas zonas verdes (*Entrevista 1 e a muller adulta da entrevista 2*), aínda que o dono do bar (*Entrevista 1*) quíxase do pouco civismo con el dos veciños.

Por outra banda, pese aos problemas ocasionados pola comunidade xitana, a **diversidade cultural** é unha fortaleza importante do barrio, que co correspondente programa de inserción social, xogaríase ao seu favor. O **Colexio**, xunto coa ANPA, como se menciona na terceira entrevista, son un centro moi dinámico, con múltiples actividades, que loitan por unha educación baseada no ecoloxismo e no fomento da lingua galega e das tradicións. Por último, o **centro cívico e o centro xove** da Almáciga. O centro xove foi creado ao estilo das grandes cidades europeas buscando ser unha factoría cultural. Contou cun prazo de

execución sobre o papel de seis meses e por un importe de 199.560 euros, o 80% aportados polo FEDER e o 20% polo concello, aínda que actualmente está 100% financiado pola concellaría da mocidade. Conta cunha gran variedade de actividades (formación en música e artes escénicas como guitarra, coro e teatro, acroiooga, educación canina, curso de horta e narración oral entre outros), numerosas charlas sobre diversas temáticas, posibilidade de alugar aulas, biblioteca e sala de lectura, aula de informática, cine, sala polivalente e sala de xuntas. O centro cívico, por outro lado e segundo afirman os diversos entrevistados, é o único que loita pola supervivencia do barrio e que lle da vida, organizando diversas actividades, charlas e comidas onde a veciñanza se pode reunir.

Dentro das oportunidades do barrio a principal serían os **estudantes** da zona (*Entrevista 4*), que se ben non se identifican co barrio, si poderían traer beneficio económico aos comercios do redor e, contando coas **zonas verdes** existentes e desaproveitadas, coa **proximidade ao centro** (solventando o problema de comunicación) e coa publicidade adecuada, existe a posibilidade de organizar eventos que trouxeran prosperidade á zona que fose do seu interese como concertos ou outros eventos de carácter cultural. Ademais, a presenza de **zonas verdes próximas á zona monumental** ben conectadas entre elas (Parque de Bonaval e Parque da Almaciga) e cunha boa promoción e sinalización poden ser unha boa oportunidade para os comercios do barrio. Cabe destacar tamén os baixos alugueres da zona que podían empregarse como reclamo para os estudantes, e se a isto lle engadimos a proximidade tamén ao campus norte, consideramos que este barrio podería ter neste un punto forte. Por outro lado, como nos menciona a muller adulta na entrevista 2, existe **unha esperanza de identidade do barrio**, xa que os seus fillos sintense orgullosos e son amantes do barrio. Con esta nova actitude, a implicación dos locais sería maior, e permitiría unha mellora tanto física como cultural da vida na Almaciga.

Para que estas oportunidades se aproveitasen deberíanse antes solucionar as ameazas do barrio. O **vandalismo** está a orde do día, tráfico de estupefacientes, pintadas, botellóns... Aínda que non todos os veciños están de acordo con esta afirmación, si coinciden en que os que observan conflitos viven máis preto da comunidade xitana. Outro aspecto a destacar é o mal estado e **antigüidade das vivendas**, xa mencionada, pois se queremos que veñan os estudantes ou familias, deberemos acondicionar e poñer nun mellor estados os pisos para que a xente queira quedarse no barrio. Outra ameaza é o **decrecemento hostaleiro** debido á proximidade ao centro comercial As Cancelas e a outras grandes superficies, o que debilitan ao comercio local. Actualmente só existen dous bares e unha carnicería. O

crecemento de outros barrios como por exemplo o Ensanche, ou chalets máis ás aforas da cidade provocan tamén unha diminución no seu atractivo.

A pesar de que existiron de feito xa varios proxectos: para mellorar a mobilidade na zona, proporcionar aulas multimedia, wifi en parques así como acondicionamento e accesibilidade ao mesmo, reparacións na casa depósito de auga, fomentar a creación cultural...

Todos eles foron realizados no pasado e recollidos no Programa Iniciativa Urbana sobre Santiago Norte e que moitos temas xa foran tidos en conta polo ARI encargado polo concello sobre a zona e do que temos algúns gráficos, vemos que moitos problemas, sobre todo o da mobilidade, segue a ser moi importante.

Para concluír, todos os entrevistados cren que a implicación do Concello é mínima e mesmo un dos entrevistados (*Entrevista 1*) rexeitou responder ás nosas preguntas. O Colexio e mais a ANPA comentaron varios casos de desinterese e tardanza por parte do Concello (reparación das instalacións, mellora da accesibilidade...) e a xente da zona coincide en que hai escasas actuacións no barrio para solucionar os problemas existentes.

3. Accións para mellorar o espazo

Para considerar posibles propostas que permitan mellorar o espazo temos que partir do análise DAFO que xa comentamos. No mesmo se nos mostra cales son as grandes problemáticas da zona (as debilidades) e as ferramentas infrautilizadas para tratar de combatelas (as oportunidades).

Vemos, polo tanto, que as grandes debilidades da zona están relacionadas: problemas de mobilidade que se agravan ca orografía e demografía. Partindo entón destas tres principais debilidades vemos como unicamente podemos actuar sobre una: a mobilidade. A mellora da mobilidade debe ser o vector central sobre o que xire o plan de desenvolvemento da zona, pois non só supón paliar un gran problema, senón que permitirá aproveitar oportunidades como son as grandes zonas verdes, o parque e a proximidade ao núcleo urbano.

Polo tanto debemos preguntarnos: Como podemos potenciar a mobilidade? Isto dependerá da capacidade da que se dispoña para elaborar o plan.

- Incluir a Almaciga nas liñas de autobús, establecendo un percorrido que pare enfronte do depósito da agua. Debido á estreiteza, á inclinación das pendentes e á escasa demanda da área, cremos que a mellor solución é a utilización dun micro bus, cun horario limitado.
- Tamén sería interesante atender ao material e forma do solo. As costas son especialmente esvaradizas coa choiva ao ser o terreo liso. Igualmente, percatámonos que nalgunha costa coincide o comezo da pendente cun paso de peóns, o cal o fai especialmente perigoso por ser aínda máis esvaradizo. Isto podería paliarse coa instalación de materiais antideslizantes (similares as “bandas sonoras” das autovías) que permita maior adherencia.
- Pódese buscar unha “rampla italiana” que é un pavimento non contínuo escalonado que simula una escaleira pero cuns saltos pequenos (contrapegada moi pequena e pegada ampla).
- Podería considerarse tamén a posibilidade de facer elevadores/salvaescaleiras.
- Outra opción sería a mecanización das costas, con cintas transportadoras, elevadores, funiculares (incluso que conecten ou acerquen Almaciga con As Cancelas, paliando en parte a carencia de comercios) ou incluso ascensores

nalgúns tramos, aínda que ao seren as costas relativamente “curtas” seguramente o custe faga que o proxecto non sexa viable.

Outra necesidade é a reparación de beirarrúas e rúas, xunto coa reorganización do tráfico para solventar os problemas das rúas de dobre sentido. Unha posible solución é a reorganización en sentido circular arredor do parque (rúa Betanzos, a rúa enfronte do depósito de augas e detrás do colexio, deixando o resto que son máis amplas, de dobre sentido), pois non hai espazo suficiente para ampliar as rúas e debido ao tamaño do barrio, non habería unha gran perda de tempo no caso de ter que facer todo o percorrido.

Como solución ao problema da reciclaxe, necesítase unha incorporación de máis contedores de reciclaxe divididos ao longo do barrio, e non exclusivamente contedores de orgánico. Xunto a esta medida, precísase unha acción de concienciación dirixida aos veciños tanto no parque como no barrio en xeral (sinalización, control, disposición de surtidor de bolsas de plástico para a recollida de necesidades caninas...).

Respecto ao problema de aparcadoiro, xa que o barrio é pequeno e conta con certos espazos para residentes, só permitiría aparcar (unha vez reorganizado o tráfico ao redor do parque) no lado dereito da rúa, e aproveitaríamos espazos máis amplos (como na zona do colexio e onde se sitúan os pisos da rúa de dobre sentido, na que existen uns contedores de orgánico). En ambos sitios, sería un proxecto de aparcadoiro en batería, e no lado das rúas de sentido único, sería en paralelo. Como se nomeou na entrevista á ANPA, o proxecto de UE no 2000 no que se fixo o centro xove e o corredor verde incluía uns aparcamentos en batería ao lado do colexio que permitirían liberar espazo para o autobús urbano e para o escolar.

Por último, como alternativas para reavivar o barrio, confiamos no potencial do parque da Almáciga, e a cercanía á zona vella e ao centro, xunto coa posibilidade de atracción dos turistas. Algún modo de facelo sería:

- Engadir o servizo de transporte individual como as bicicletas eléctricas (como en Madrid). Pódese propor un proxecto similar ao que protagoniza, entre outros, a capital española, pero incluso podería optarse por outros medios de transporte.. É unha oportunidade de revitalizar o turismo na zona, particularmente entre os máis

xoves, que se se acompaña dun plan de promoción das zonas verdes da Almáciga pode supor un resultado interesante.

- Promoción do parque coa realización de eventos e actividades culturais organizadas polo Concello de Santiago.
- A construción dun parque infantil no parque, tanto para a atracción de familias con cativos cara a zona, e como destino doutras familias doutros barrios para lecer.
- Remodelación da casa de augas e, aproveitando o manancial de auga, pódese levar a cabo da construción de piscinas públicas.
- Acondicionamento do miradoiro como atractivo turístico das vistas da cidade.

4. Conclusións

Para rematar, gustaríanos destacar que a Almáciga vive nunha contradición: mentres é unha zona céntrica de Santiago de Compostela, atópase illada das principais actividades económicas e sociais do núcleo urbano, debido principalmente ás súas características orográficas. Todo isto desembocou nun abandono da poboación do barrio cara a outros con mellores dotacións, facilidades e dinamismo económico, o que provocou un envellecemento da poboación. Ambos factores repercuten na mobilidade dos locais, o principal problema da zona.

Por outra banda, a acción do colexio e da ANPA conseguiron revitalizar a área, coa incorporación de novas familias ao barrio atraídas polas diversas actividades ofertadas e valores impartidos no centro. A súa aportación axudou a limpar a mala fama do barrio, estigmatizado pola presenza de persoas de etnia xitana, facilitando a súa integración ao espírito do barrio. Ademais, a asociación de veciños e o centro xove conseguiron reactivar a identidade do barrio, de xeito moderado, grazas á súa función como conector entre o barrio e as autoridades públicas e como centro organizador de actividades e difusor coñecementos de a través de charlas.

Concluindo, as solucións baséanse na mellora da calidade de vida das persoas residentes (mobilidade, servizo de reciclaxe...) e na potenciación da actividade comercial e turística.

5. Bibliografía

- Aldrey Vazquez, J. (2010). *Áreas de rehabilitación integral: La memoria-programa como instrumento para su declaración*. Recuperado de: https://www.researchgate.net/profile/Jose_Antonio_Vazquez/publication/282642870_AREAS_DE_REHABILITACION_INTEGRAL_LA_MEMORIA-PROGRAMA_COMO_INSTRUMENTO_PARA_SU_DECLARACION/links/5614e87c08aec62244110a35/AREAS-DE-REHABILITACION-INTEGRAL-LA-MEMORIA-PROGRAMA-COMO-INSTRUMENTO-PARA-SU-DECLARACION.pdf
- Bisquert i Pérez, K. (2017). A Rede de Hortas Municipais de Santiago de Compostela (Galiza) e as súas implicacións para a Educación Ambiental. *Ambientalmente Sustentable*, (23-24), 141-163. doi: 10.17979/ams.2017.23-24.0.3372
- CEIP Apóstolo Santiago | CEIP Apóstolo Santiago. (2019). Retrieved from <http://www.edu.xunta.gal/centros/ceipapostolosantiago/>
- Concello de Santiago, Urbana Norte. (2019). *Memoria del proyecto "Santiago Norte"* (pp. 1-59). Santiago de Compostela. Retrieved from http://www.dgfc.sepg.hacienda.gob.es/sitios/dgfc/es-ES/ipr/fcp0713/p/iu0713pidu/Documentos/GALICIA/MEMORIA_INICIATIVA_URBANA_SANTIAGO_NORTE.pdf
- Luaña, S. (2019). La aldea que juega al despiste en Compostela. Recuperado de: https://www.lavozdegalicia.es/noticia/santiago/vedra/2018/05/14/aldea-juega-despiste-compostela/0003_201805S14C7991.htm
- *Monte da Almáciga / [textos e fotos, Fundación de Estudios e Análises (FESAN)]*. (2019) (1st ed., pp. 1-21). Santiago de Compostela.
- Penélas, S. (2019). Una ciudad sin cuestas gracias al móvil. Retrieved from <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2013/05/24/ciudad-cuestas-gracias-movil/815741.html>

- Prego, C. (2019). El patinete eléctrico vence las cuestas de Vigo. Retrieved from <https://www.farodevigo.es/gran-vigo/2018/11/12/patinete-electrico-vence-cuestas-vigo/1996862.html>
- Santiago, C. Concello de Santiago de Compostela. Recuperado de: <http://santiagodecompostela.gal>
- XeoPortal. (2019). Recuperado de: <http://xeoportal.santiagodecompostela.gal/visores/ResiduosUrbanos/>

Anexo

Entrevista 1. Algúns comerciantes da Almaciga. 23/04/19.

No barrio da Almaciga existen dous bares (Bar Severino e Cervexería A Barraca) e unha carnicería (Touro 5). Son os únicos negocios da zona, xunto cun taller de arte que non acostuma a estar aberto, e intentamos concertar unha entrevista con eles e máis cunha traballadora da Sede do PSdeG-PSOE, pero A Barraca non quixo participar no proxecto a partir da primeira pregunta.

1. Canto tempo levan na zona? E canto tempo levan con este negocio aberto?

A Barraca: O bar leva aberto 22 anos.

Bar Severino: O bar non ten nin dous anos, pero vivindo alí leva máis tempo

Touro 5: A dona do local non é do barrio. A carnicería estivo aberta antes por outra xente, pero logo pechou, e ela reabriuna no 2007.

Sede do PSdeG: A traballadora da sede non é do barrio, é de Fontiñas. A propia sede leva 29 anos aberta e leva traballando alí dende entón.

2. Cantos clientes ten aproximadamente por día?

A Barraca non respostou, pero sendo un día laborable, a media tarde, había case dez persoas, polo que intuimos que tiña un fluxo alto.

Bar Severino: Depende do día, pero en xeral pouca xente.

Touro 5: Depende do día e da época do ano. En verán ten poucos clientes porque se vacía o barrio.

3. Quen son os seus clientes? Son de aquí, ou de fóra (turistas)?

A Barraca non respostou, pero o camareiro coñecía a todos os clientes, polo que serían habituais e, polo tanto do barrio.

Bar Severino: Clientes do barrio. Comenta que é rara a ocasión na que aparece algún turista.

Touro 5: Clientes do barrio.

4. Como é a poboación en canto a idade?

A Barraca non respostou, pero o rango de idade nese intre era xente de entre 30-50 anos.

Bar Severino: Sobre todo xente maior, aínda que tamén ten clientes novos que rondan os 30 anos.

Touro 5: Ademáis da xente maior, recalca que hai moito estudante entre a súa clientela.

Sede do PSdeG: Xente maior.

5. Respecto ao problema de mobilidade do barrio, como vos afecta? Repercute nos costes?

Bar Severino: A nivel persoal non lle supón un problema, pero afirma que outra xente do barrio ten dificultades. Non repercute en absoluto nos seus costes, pois os servizos chegan ata alí sempre.

Touro 5: A nivel persoal, non ten dificultades, pero recálcase, de novo, que para a xente maior (maioría no barrio) sí supón un hándicap polas pendentes. Non repercute nos seus costes.

Sede do PSdeG: Non cre que exista demasiada problemática co respecto á ausencia de paradas de bus, xa que “Basquiños está ahí ao lado”, pero sí se menciona, outra vez, o problema coas pendentes da xente maior.

6. Existen conflitos no barrio? E roubos, ameazas..?

Bar Severino: Menciona á comunidade xitana, coa que el mesmo tivo problemas no bar e lles prohibiu a entrada.

Touro 5: Non con ela o no seu negocio, pero sí menciona as peleas e os conflitos da comunidade xitana do barrio, que non son clientes seus. Destaca o caso do conductor da grúa, que se nega a pasar pola rúa onde estes residen porque unha vez lle agrediron.

Sede do PSdeG: Ningún problema persoal ou na sede. Pero si fala de que existen problemas no barrio como o tráfico de drogas ou as carreiras de automóbiles. Xeralmente, provocado pola comunidade xitana.

7. Cantos negocios existen no barrio? E antes cantos había?

Bar Severino, Touro 5 e Sede do PSdeG: Todos coinciden en que con anterioridade había un ultramarinos e catro bares (dous dos cales que tamén eran restaurantes segundo a traballadora da Sede). Agora unicamente permanecen abertos dous bares, un taller de pintura no local do ultramarinos e a carnicería.

8. Que previsión teñen dos seus negocios de aquí a cinco anos se non cambian as cousas? E sobre a súa residencia no barrio?

Bar Severino: Marchar canto antes. Non ten ningunha previsión de quedarse.

Touro 5: Pretende permanecer no barrio e co negocio aberto.

Sede do PSdeG: Non sabería dicir.

9. Que actividades económicas predominan na zona?

Bar Severino: Pouca, comercial.

Touro 5: Pouca, comercial.

Sede do PSdeG: Non sabería dicir.

10. Canto peso teñen as actividades rurais?

Bar Severino: Ningún. Fala das hortas urbanas, que el mesmo posúe unha, pero que están nun estado de abandono total. Xustifica que a época do ano non é a mellor para estas polo

mal tempo, pero confirma a existencia de roubos nelas. Tamén lle quita importancia ao botellón, pois “só toman unhas cervexas e recollen o lixo. Non fan mal ningún”. Pola contra, certas persoas da comunidade xitana si ensucian e provocan destrozos.

Touro 5: Non sabe.

Sede do PSdeG: Non sabe.

11. Que actividades de ocio existen?

Bar Severino: O Parque, onde menciona o problema dos cans que andan soltos e os donos que non recollen as súas feces.

Touro 5: O Parque e Centro cívico, que organiza moitas actividades como pilates, danza ou informática, pero ela non asiste. Aplauda a actuación da asociación neste aspecto.

12. Considera que existe identidade ou sentimento de pertenza ao barrio?

Bar Severino: Non. A xente está a gusto, pero os conflitos xeran pouco sentimentos de identidade. Antes organizábanse unhas festas do barrio, pero deixouse de facer porque a organización tiña dificultades para conseguir fondos.

Touro 5: Ningún. A xente quéixase pero non se agrupa, non hai identidade e unión para exercer presión e mellorar o barrio. Tampouco existe nas actividades de ocio, nas que hai cero implicación. Ademais, ela como pequena autónoma afirma que hai pouca compra nos comercios pequenos e existe unha preferencia polas grandes superficies, a pesar de estar máis lonxe e ter máis problemas para desprazarse ata elas.

Sede do PSdeG: Non. Non hai nin un só traballador na sede que sexa do barrio. Pertencen a outros barrios, como Conxo ou Fontiñas, de onde é a entrevistada, outros pobos como Teo e mesmo de A Coruña.

13. Opinión persoal sobre a actuación das autoridades públicas en favor do barrio.

Bar Severino: Nefasta. Precísase máis presenza policial e quéixase de que os impostos son os mesmo que se vivise no centro pero sen ofrecerlles as mesmas facilidades, habendo unha diferenza abismal entre o centro e as zonas do redor e a Almaciga. Considera

necesaria a construción de aparcadoiros para solventar o problema de aparcamento para residentes (afirma que hai “espazo de sobra para levalo a cabo”) e comenta a posibilidade de limitalo a uso nocturno. Fala dun seto situado nunha zona preto a unha intersección vial que ocasiona problemas de visibilidade e, por último, fala da necesidade de solventa por parte de CESPAs (Servizos de saneamento de vías públicas e similares. Equipamento para parques e xardíns) o descontrol das árbores do bosque, pois “entran as pólas nas fiestras das casas”. Por último, o alumado público foi cambiado pero a peor.

Touro 5: Recalca o problema de mobilidade e menciona a falta de actividade económica no barrio. Por outro lado, aplaude a actuación da asociación neste aspecto.

Sede do PSdeG: Sobre todo o mal ambiente do barrio e a dificultade de mobilidade.

Entrevista 2. Algúns residentes da Almaciga. 07/05/2019.

1. Canto tempo levan na zona? Por que decidiron vir e/ou quedarse aquí?

Señor maior (80 anos aprox): 40 e pico anos na rúa de Betanzos.

Muller xove (25 anos aprox): 5 anos, por motivos de traballo.

Muller adulta (55 anos): 30 anos vivindo no barrio por matrimonio.

2. Como é vivir no barrio? Cal é a rutina nel?

Señor maior (80 anos aprox): É un barrio tranquilo, pero con moitas dificultades polo pouco coidado do barrio.

Muller xove (25 anos aprox): Barrio familiar, poucos estudantes.

Muller adulta (55 anos): Barrio tranquilo e familiar, bastantes estudantes, pero estes están concentrados nunha rúa do barrio.

3. Que comercios houbo no barrio? E agora?

Señor maior (80 anos aprox): O barrio está morto.

Muller xove (25 anos aprox): Escaso comercio.

Muller adulta (55 anos): Só hostelería e a carnicería. Antigamente tamén había un videoclub, unha tenda de bicicletas e un ultramarinos.

4. Como é a poboación en canto a idade?

Señor maior (80 anos aprox): Agora comeza a haber algún neno, pero por norma xeral é xente maior que leva bastantes anos no barrio.

Muller xove (25 anos aprox): Poboación moi envellecida.

Muller adulta (55 anos): Poucos nenos, a maioría de veciños teñen máis de 50 anos.

5. Respecto ao problema de mobilidade do barrio, como vos afecta?

Señor maior (80 anos aprox): É o principal problema. Ao non chegar, teñen que parar ou na rúa San Roque, ou en San Pedro ou ben na estación de buses, e aínda así tes que subir unha costa.

Muller xove (25 anos aprox): Non lle afecta pero considérao necesario. Hai poucas zonas para aparcas.

Muller adulta (55 anos): Gran problema, aínda que se fixeron obras para rebaixar unha costa para que puidese subir o autobús, este aínda non pasa, e para a poboación envellecida do barrio dificultades moito a vida.

6. Existen conflitos no barrio? E roubos, ameazas..?

Señor maior (80 anos aprox): Que el saiba, non.

Muller xove (25 anos aprox): Que ela saiba, non.

Muller adulta (55 anos): En todos os seus anos no barrio nunca viu ningún conflito. Volve a casa tarde do traballo e séntese segura.

7. Que previsión teñen de aquí a cinco anos sobre a súa residencia no barrio?

Señor maior (80 anos aprox): Continuar no barrio.

Muller xove (25 anos aprox): Ten previsto seguir residindo no barrio.

Muller adulta (55 anos): Continuará vivindo no barrio.

8. Que opina da actuación dos servizos públicos na zona como limpeza, servizo de recollida de basuras?

Señor maior (80 anos aprox): Só existe un contedor que inclúe todo tipo de reciclaxe, e despois son case todos contedores de orgánico. Tamén culpa neste caso á concienciación da xente co tema do lixo e da limpeza en perxuizo do barrio, non tanto ao Concello.

Muller xove (25 anos aprox): A policía pasa de cando en vez pero só fai acto de presenza.

Muller adulta (55 anos): A policía pasa, o barrio está limpo, pero hai unha escaseza de contedores de reciclaxe que dificulta esta actividade no lugar.

9. Que actividades económicas predominan na zona?

Señor maior (80 anos aprox): Pouca, só negocios.

Muller xove (25 anos aprox): Só bares e unha carnicería.

Muller adulta (55 anos): Hostalería.

10. Canto peso teñen as actividades rurais?

Señor maior (80 anos aprox): Unicamente ás hortas. Non é moi partidario delas e considera que están moi abandonadas e, aínda que está a favor de ceder o terreo se isto se cumpre, cre que deberían de pagar un mínimo polo suministro de auga.

Muller xove (25 anos aprox): Non hai moitas actividades rurais na zona.

Muller adulta (55 anos): Non nos cometa nada ao respecto.

11. Que actividades de ocio existen?

Señor maior (80 anos aprox): Non contesta á pregunta.

Muller xove (25 anos aprox): O centro xove e a asociación de veciños realizan numerosas actividades de ocio.

Muller adulta (55 anos): A asociación de veciños realiza moitos cursos e charlas e a importancia das zonas verdes.

12. Considera que existe identidade ou sentimento de pertenza ao barrio?

Señor maior (80 anos aprox): Cordialidade co resto de veciños, pero non sentimento de pertenza ao barrio. Cre que hai un espírito de pouco respecto (veciños que ensucian, gasto innecesario de auga nas hortas...).

Muller xove (25 anos aprox): Escaso sentimento de pertencer ao barrio.

Muller adulta (55 anos): Ela non ten sentimento de pertenza do barrio, pero os seus fillos están moi orgullosos.

13. Opinión persoal sobre a actuación das autoridades públicas en favor do barrio.

Señor maior (80 anos aprox): Ten unha opinión moi negativa da actuación pública. Está en contra do ascensor, cre que é innecesario. Deberían arranxarse as beirarrúas (afundidas como resultado da instalación do gas natural) e o asfalto (fochancas) da rúa Betanzos. Arranxos a medias como precintos para solventar avarías en tuberías. Aporta tamén un par de experiencias negativas coa actitude do Concello e coa grúa (tivo un problema respecto ao vado do seu garaxe e o municipal non considerou que fose grave a situación como para multalo).

Muller xove (25 anos aprox): Actuacións escasas, o barrio está bastante limpo pero a policía pasa pouco e hai numerosos conflitos.

Muller adulta (55 anos): As autoridades non pasan moito polo barrio.

Entrevista 3. ANPA e Colexio da Almáciga. 07/05/2019.

A entrevista ao colexio foi feita a unha persoa membra do corpo directivo e á da ANPA á ex-presidenta.

1. Cal é a labor realizada tanto no colexio como en favor do barrio?

Colexio: Ademais da labor meramente académica, o colexio realiza actividades tentando recuperar tradicións en cooperación coa ANPA.

ANPA: Unha campaña co concello para prestixiar o cole, valores do galego e ecolóxicos.

2. Que deficiencias e melloras posibles existen no barrio?

Colexio: Deficiencias no barrio en canto a vías de comunicación, por exemplo a rúa que conecta co colexio é de dobre sentido e polas mañás está moi saturada e non caben dous

vehículos ao mesmo tempo. En canto ao transporte urbano hai unha parte do barrio que queda ao marxe. Os servizos como centros de saúde tamén son deficientes.

ANPA: O tráfico necesita reorganizarse, que se replanteen as rúas de dobre sentido, as estreitas beirarrúas, o proxecto de UE no 2000 do que se fixo o centro xove e o corredor verde incluía uns aparcamentos en batería que igual permitían liberar espazo para o bus. Un exemplo: hai unha veciña que non pode subir e adoita pedir axuda a outros para que acompañen ao seu fillo

3. Que porcentaxe aproximado de nenos son da Almáciga e cantos de fóra do barrio?

Colexio: O centro ten asignado como zona de influencia ata o polígono do Tambre, diría que entre Almáciga e San Pedro sería en torno ao 60% das solicitudes, antes a poboación estaba moi envellecida, pero actualmente hai máis familias novas e moitas múdanse para traer os nenos ao colexio dende máis preto.

ANPA: Non sabe.

4. Información do colexio: canto leva aberto, número de alumnos, evolución do número de alumnos cos anos...

Colexio: O colexio leva aberto dende o ano 1955, é o colexio público máis antigo de Compostela. Así orixinalmente contaba cun número moi alto de alumnado chegando a mil alumnos, progresivamente coa apertura doutros centros foise repartindo a outros colexios como o de Vite, Monte dos Postes ou Fontiñas. No punto oposto no ano 2000 tan só tiña sesenta alumnos, metade do edificio entre outros usos anteriores instalouse a Escola Municipal de Música. A partir do 2011, empezou a incrementarse a matrícula, dende fai dous anos xa hai problemas de espazo, por exemplo moitas aulas dividíronse á metade, así para os poucos nenos que había eran suficientemente grandes e tiñan o mesmo número de aulas que antes. Dende o curso pasado volven ter todo o colexio á súa disposición e buscan mellorar as aulas. Este ano son 175 alumnos matriculados, de feito en cuarto de primaria houbo 28 solicitudes e só poden entrar 25 por curso polo que non foi posible que entraran todos. Para o próximo ano espéranse máis, 25 de cuarto de infantil, así como algúns de sexto e terceiro de primario. Por outra parte o colexio recibe moitos alumnos de escolarización tardía, irmáns eran desviados pola Comisión de escolarización a este centro porque eran dos poucos que contaban con prazas libres.

ANPA: Non sabe

5. Que actividades leva a cabo e cal é a participación nelas?

Colexio: Os Maios celebrado o venres día 3 de maio, ademais de realizar esta actividade tamén saíron percorrendo o barrio da Almáciga cos Maios, o mesmo ocorreu co entroido. Tamén se celebra o magosto, o Nadal,... Todo isto en colaboración coas familias. Ademais unha vez ao mes fanse recreos activos, as familias participan e realízanse xogos populares. Existe moita implicación das familias, en concreto das da zona.

ANPA: Búscase recuperar tradicións e valores identitarios galego dende unha perspectiva ecolóxica: o maio, magosto, entroido... e mesmo unha tradición propia do barrio (un meco).

6. Existe conflictividade no centro? E no barrio?

Colexio: Non existe máis conflictividade no centro da que pode existir noutro calquera, non é relevante. A maiores ao recibir alumnos de escolarización tardía están acostumados a ter xente nova e de outras culturas, non teñen unha matrícula pechada e non é un choque que chegue xente nova. Anteriormente estivo estigmatizado coa presenza de moitos nenos de ascendencia xitana, actualmente o número non é moi elevado e están integrados no colexio.

ANPA: Non existe conflictividade importante

7. Cales son as instalacións do centro e que opina delas?

Colexio: Ten salón de actos, aulas específicas de inglés e músicas, espazos para desdobres, o problemas e que parte desas aulas son moi pequenas. Na Escola Municipal de Música había aulas moi pequenas para ensaios individuais, polo que será preciso tirar tabiques e facer aulas máis grandes. O que precisa unha mellora son os aseos que son moi antigos, espérase que se remodelen no verán, e as humidades que aparecen por todo o edificio. En canto a dotación de espazo, o patio é moi grande e contan cun pavillón para as actividades de educación física.

ANPA: Instalacións vellas, salas individuais dun metro cadrado desaproveitadas, planta superior separada (baixar para acceder dun lado ao outro), dificultades de acceso (rampla nun lateral unicamente, que obriga a cruzar todo o edificio, e baños de difícil acceso), problemas ca existencia de radón

8. Opinión da implicación do concello nas actividades e na mellora das instalacións do centro.

Colexio: A implicación do concello nos últimos tres anos foi mínima, todas as melloras foron a cargo da Xefatura Territorial como agora coa remodelación dos baños. Ademais, precísase unir de novo as dúas partes do colexio que foran separadas porque para chegar a dúas aulas contiguas por exemplo e preciso baixar e subir por outras escaleiras, todo isto levaríao a cabo a Xefatura Territorial. En canto ao mantemento que é a labor do concello, existente moitas humidades e pinturas levantadas nas paredes. Posiblemente todo isto derivado da situación de tirantez derivada da presión para recuperar a ala dereita do colexio.

ANPA: Pouca, especialmente problemática a delimitación das obrigas do concello e da Xunta.

9. Díponse de servizo de comedor, transporte e gardería en favor da conciliación? Está subvencionado ou é pagado polas unidades familiares?

Colexio: O servizo de transporte é gratuíto e está pagado pola Consellería de Educación. Tamén se dispón de comedor escolar e servizo de madrugadores que son xestionados polo concello, son pagados polas familias e en función da renda poden solicitar axudas ao concello. Ambos están xestionados por un servizo de catering pola empresa Serunion, é unha das cousas a mellorar. O servizo de madrugadores é dende as 7:30 da mañá e pola tarde para mellorar a conciliación existen actividades extraescolares levadas a cabo pola ANPA, este ano son ata as cinco e media, pero outros duran ata as seis e media dependendo do que se oferta e o que se demanda.

ANPA: Dispónse de actividades de 4:30 a 5:30, das cales se encarga a ANPA a pesares de non ser a súa responsabilidade.

10. Algunha proposta ou comentario para mellorar o centro e o barrio?

Colexio: Ademais do anterior, mellorar o patio do colexio que é amplo e pode servir para varios usos, esperan dividilo en dúas partes e que unha delas quede para o destino actual como xogar ao fútbol, de feito conseguir cambiar as porterías foi unha petición que durou case dous cursos para levala a cabo.

ANPA: Ademais dos problemas das instalacións xa mencionados, pretendese substituír o sistema de catering por un que permita aos nenos aprender a básico dunha boa alimentación. Tamén a labor da biblioteca, que debería ser un centro de toda a comunidade.

Entrevista 4. Presidenta da Asociación de Veciños da Almaciga. 07/05/2019.

A partir de unha entrevista que tivemos ca presidenta da asociación de veciños, que tamén estaba ao fronte do centro cívico, obtivemos a seguinte información. En primeiro lugar falounos da desatención das hortas, como pasa en outras zonas de Compostela. Débese por un lado ao vandalismo (botellón) e por outro a que os donos das parcelas cánsanse de plantar e que despois xente que pasa por alí lle roube o que eles plantaron.

Tamén nos falou de que a primeira emisora de radio de Galiza estivo localizada na cima do monte da Almaciga. Outro grave problema é o de mobilidade, contounos como ela mesma lle ten que ir aos recados aos máis maiores porque eles vense impedidos polas diversas costas que os illan do resto de Santiago. Se a isto lle sumamos a escaseza de locais neste barrio, obtemos o resultado de que moitos maiores so saen da Almaciga cando os seus fillos veñen co coche.

Para finalizar, tamén nos comentou a falta de identidade de barrio dos veciños, o que provoca que moitos deles so vivan alí durante a xornada laboral e logo durante o fin de semana se vaian.

Entrevista 5. Representante do Centro Xove. 07/05/2019.

- Cales son os límites xeográficos do barrio da Almaciga?

- Non teño claros os límites xeográficos. Coido que iso é algo que non está establecido de forma oficial. A única zona que se coñece como "Almáciga" é o "parque central", polo que eu marcaría toda a súa contorna, incluído o noso centro.

- Datos demográficos da zona.

- Non teño os datos demográficos da zona, me temo. Teredes que solicitalos no Concello, xa que é información que manexa o padrón municipal.

- Información sobre o patrimonio da zona.

- O patrimonio da zona é o parque central, o máis relevante sen lugar a dúbidas. Nel hai diversos monumentos. Está o propio parque, o estanque, as hortas, o miradoiro á cidade, etc.

- Que tipo de actividades se realizan no centro?

- No centro levamos a cabo as seguintes actividades: formación en música, artes escénicas e do eido cultural. Neste momento temos: laboratorio de guitarra, autodefensa, teatro do oprimido, grupo de teatro, coro do Centro Xove, acroioiga, educación canina, curso de horta e narración oral.

- Que proxectos se están a levar a cabo e que necesidades existen na zona?

- O noso centro, de forma específica, aborda os intereses da Mocidade en Compostela dende a perspectiva cultural. Debido a que é unha zona cun contexto económico complexo, ofertamos actividades 100% subvencionadas pola Concellaría de Mocidade. Deste xeito, levamos a cabo un proxecto de formación integral, moi orientado a crear redes e conectar á Mocidade. No futuro estableceremos tres locais de música, un estudo de gravación (ambos de uso municipal e gratuíto), e seguiremos a ofertar formación, ademais de dar o salto a ofertar formación online para os usuarios. Ademais, crearemos puntos de acceso a libros, música e xogos de mesa, un punto de informática e formación de calidade para bandas e emprendedores.